

## ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E O CONCELLO DE VEDRA NO QUE SE ESTABLECEN AS BASES PARA A REFORMA DO CENTRO DE SAÚDE DE VEDRA

En Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2025

### REUNIDOS

Dunha parte, don **Antonio Gómez Caamaño**, conselleiro de Sanidade e presidente do Servizo Galego de Saúde (CIF Q6550006H), organismo autónomo adscrito a dita consellería, actuando en nome e representación deste último, no exercicio das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, e de conformidade co establecido no Decreto 145/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, así como na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

E doutra parte, don **Carlos Martínez Carrillo**, actuando en nome e representación do Concello de Vedra (CIF P1509000D), en virtude da súa condición de alcalde da citada corporación, segundo o disposto no artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, o artigo 61.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia e o artigo 41.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

As partes intervenientes recoñécense capacidade legal para outorgar a presente addenda, e para estes efectos,

### EXPOÑEN

I. O 11 de febreiro de 2025, asinouse o convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e o Concello de Vedra no que se establecen as bases para a reforma do centro de saúde de Vedra.



II. O orzamento das obras proxectadas ascendía a 539.926,50 €, co seguinte réxime de cofinanciamento:

- Concello de Vedra: 107.985,30 €
- Servizo Galego de Saúde: 431.941,20 €

O convenio prevía a xustificación dos gastos antes do 11 de decembro de 2025 e unha vixencia ata o 29 de decembro de 2025.

III. Con data de 23 de outubro de 2025, o Concello de Vedra comunica a súa imposibilidade de executar, dentro do prazo inicialmente establecido, as actuacións de reforma previstas. Así mesmo, achega o proxecto definitivo de reforma e ampliación, cun orzamento final de 601.304,28 €, o que supón un incremento de 61.377,78 € respecto da valoración inicial. En consecuencia, solicita a modificación do importe total da obra de reforma e das achegas que corresponden a cada unha das partes, así como a prórroga do prazo de vixencia do convenio.

A demora, segundo a comunicación do concello, xustifícase pola elevada complexidade técnica e organizativa da reforma, derivada da combinación dos seguintes factores:

1. Ampliación nun edificio existente, mantendo operativo o servizo sanitario, o que require fases de obra complexas e unha planificación loxística precisa.
2. Renovación integral das instalacións (fontanería, calefacción, electricidade, ventilación...), cun proceso delicado de substitución e adaptación normativa.
3. Reconfiguración dos espazos interiores, con demolicións e novas particións que deben garantir condicións hixiénicas e de seguridade.
4. Intervención en cuberta e fachadas, con traballos en altura e dependencia das condicións meteorolóxicas.
5. Coordinación multidisciplinar con equipos estruturais, arquitectónicos e de instalacións, cumprindo cos estándares de calidade e normativas do Servizo Galego de Saúde.

A concorrencia dos distintos condicionantes existentes –ampliación estrutural, reforma integral, mantemento do servizo sanitario, renovación das instalacións e elevada esixencia normativa– fundamenta tanto o incremento do importe do proxecto definitivo como a necesidade de establecer un prazo de execución superior ao previsto para unha reforma de carácter convencional. En consecuencia, determínase un prazo estimado para a licitación e posterior execución das actuacións superior aos 12 meses, en atención á complexidade técnica da intervención e ao carácter especialmente sensible do inmovible.

En consecuencia, xustifícase o incremento do importe do proxecto definitivo así como a prórroga da vixencia do convenio e da execución das obras ata o 29 de decembro de 2027.



IV. De acordo co artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, en calquera momento antes da finalización do prazo de vixencia dos convenios, os asinantes poderán acordar unanimemente a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción.

V. Para acadar o obxectivo previsto no convenio, cómpre modificar as datas límites de xustificación do gasto e prorrogar a súa vixencia ata o 29 de decembro de 2027, así como concretar a distribución por anualidades das achegas do Servizo Galego de Saúde, permanecendo inalterables o resto das cláusulas.

Á vista do anterior, ambas as dúas partes asinan a presente addenda de conformidade coas seguintes,

## CLÁUSULAS

### PRIMEIRA. Modificación da CLÁUSULA SEGUNDA. (Orzamento das actuacións).

Dáse unha nova redacción, quedando como sigue:

"As achegas das partes, distribúense do seguinte xeito:

Anualidades	Achega (80%) Sergas	Achega (20%) Concello	Total
2025	0,00 €	0,00 €	
2026	48.104,34 €	12.026,09 €	60.130,43 €
2027	432.939,08 €	108.234,77 €	541.173,85 €
<b>TOTAL</b>	<b>481.043,42 €</b>	<b>120.260,86 €</b>	<b>601.304,28 €</b>

### SEGUNDA. Modificación do punto dous da CLÁUSULA CUARTA (Compromisos do Concello).

2. Cofinanciar as obras a realizar polo seguinte importe:

Achega do Concello	120.260,86 €
--------------------	--------------





### TERCEIRA. Modificación da CLÁUSULA QUINTA (Compromisos do Servizo Galego de Saúde).

Modifícase o importe que aporta o Servizo Galego de Saúde:

Achega do Sergas	481.043,42 €
------------------	--------------

### CUARTA. Modificación da CLÁUSULA SEXTA. (Xustificación e pagamento).

O penúltimo parágrafo pasa a redactarse como segue:

"O período subvencionable computará dende o día seguinte ao da sinatura do convenio ata as seguintes datas, segundo a distribución por anualidades que se indica a continuación:

- Para os gastos executados no exercicio 2026: ata o día 11 de decembro de 2026.
- Para os gastos que se executen no exercicio 2027: ata o día 11 de decembro de 2027."

### QUINTA. Modificación da CLÁUSULA DÉCIMO TERCEIRA. (Vixencia).

A cláusula décimo terceira do convenio pasa a redactarse do seguinte modo:

"A presente addenda entrará en vigor o día da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 29 de decembro de 2027."


E en proba de conformidade, as partes asinan a presente addenda, por duplicado exemplar, no lugar e data indicados no encabezamento, para a súa incorporación ao convenio asinado o 11 de febreiro de 2025 entre o Servizo Galego de Saúde e o Concello de Vedra.

POLO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE



Antonio Gómez Caamaño

POLO CONCELLO DE VEDRA



Carlos Martínez Carrillo